

Exercicio UNIDADE 3. Trazos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime.

«O primeiro obxecto das Leis Sociais será sempre protexer o interese individual; este interese unha vez protexido aumenta infaliblemente a riqueza particular; desta riqueza nace sen violencia a riqueza pública; e só cando o Estado se fixo por medio dela rico e poderoso, é capaz de loitar contra a natureza, vencela e melloralas.(...)»

Os baldíos, as terras dos concellos presentábanse ante o tribunal da razón; a carón deles o desamparo e abertura das herdades privadas. A Mesta e demais artigos de protección parcial, que fan a guerra ó dereito de propiedade individual, saían tamén ó paso. O monstro da amortización, aparecía a súa beira.»

Jovellanos. *Informe sobre la Lei Agraria*, 1794

Cuestións:

1. Encadra no seu contexto histórico o documento: datas, autor, corrente
2. Explica as ideas fundamentais do texto sobre a cuestión agraria
3. Analiza a proposta enunciada polo autor para mellorar a economía española.
4. Valora os atrancos e os límites que impoñía o reformismo borbónico a un cambio en profundidade da agricultura española